

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO MUNICIPAL O DÍA 23 DE MAIO DE 2007**

Sres. asistentes:

SR.ALCALDE – PRESIDENTE.-

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (CIM)

SRES.CONCELLEIROS.-

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DON JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ VIDAL (CIM)

DONA EVA VILARIÑO GÓNZALEZ (CIM)

DON JUAN JOSÉ HERVA MALLO (PP)

DON LUIS PURRIÑOS PENA (CIM)

DON JOSÉ PAZ TENREIRO (PP)

DONA ROSARIO MANSO LÓPEZ (CIM)

DON MANUEL JOSÉ PÉREZ MARTÍNEZ (PP)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (non adscrito)

DON ANTONIO MEDÍN PENA. (PP)

SRES.CONCELLEIROS AUSENTES.-

DON MIGUEL ANXO ABRAIRA SOBRADO (BNG)

DON JOSÉ MARÍA LAYA CARRIL (CIM)

SR.SECRETARIA MUNICIPAL.-

ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ

No Local habilitado como Casa do Concello en Miño ás catorce horas e trinta minutos do día 23 de maio de 2007, reúnense os Sres. concelleiros que se acaban de citar e coa presenza do Sr. alcalde-presidente en funcións, co obxecto de realiza-la sesión extraordinaria do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Distribuíndose ós Sres. concelleiros da Corporación copia do borrador da acta do Pleno correspondente ó día 11 de maio de 2007, pregúntase ós asistentes se teñen algunha observación que formular á referida acta, e non presentándose ningunha, apróbase por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN DE MODELOS DE REXISTRO DE INTERESES E BENS.-

2.1.- Visto o ditame da Comisión de Asuntos Xerais do 11 de maio de 2007:

“ Dáse conta da proposta de Alcaldía na que se establece:

Visto o disposto no artigo 75.7 da Lei 7/85, de dous de abril, reguladora das bases do réxime local, no que se establece a obrigatoriedade da aprobación dos modelos de rexistro de intereses e bens polo Pleno municipal, e proximidade das eleccións locais.

Esta Alcaldía propón á Comisión de Asuntos Xerais que esta ditamine favorablemente o expediente tramitado para a aprobación dos modelos de rexistro de intereses e bens, e se propoña ó Pleno do Concello a **adopción do seguinte acordo:**

1º.-Aproba-los modelos de declaración dos membros da Corporación a que se refire o artigo 75.7 da Lei 7/85, de dous de abril, reguladora das bases do réxime local, que se aplicarán para a toma de posesión dos Sres. concelleiros que resulten electos nas Eleccións Locais de 2007, e que se transcriben a continuación:

1.- REXISTRO DE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E DE ACTIVIDADES

DECLARANTE:

Don/ dona -----

DNI -----

Enderezo -----

Data da credencial de concelleiro/a -----

Partido político, federación, coalición ou agrupación pola que se obtivo o posto de concelleiro/a-----

DECLARACIÓN:

En cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de dous de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación cos artigos 30 a 32 do ROF, o asinante cuxos apelidos, nome e demais datos de identidade se consignan nos parágrafos precedentes, formula a declaración de causas de incompatibilidade e de actividades que lle proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, correspondente ó día da data e manifesta baixo a súa persoal responsabilidade que a dita declaración é comprensiva da totalidade de causas e actividades e que os datos que se refliten nas follas seguintes, rubricadas por el na marxe, son rigorosamente certos e coinciden coa realidade.

-----, ----- de -----de 2007
O/A concelleiro/a

Asdo.:

REXISTRO DE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E DE ACTIVIDADES

- A) Causas de posible incompatibilidade:
- B) Actividades que lle proporcionan ingresos económicos:
- C) Actividades que lle poden proporcionar ingresos económicos:

SECRETARÍA XERAL DO CONCELLO DE MIÑO
REXISTRO DE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPTIBILIDADE E DE ACTIVIDADES
DILIXENCIA DE PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN

En cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de dous de abril, reguladora das bases do réxime local, o/a concelleiro/a electo/a don/dona -----, ás ----- horas do día ----- de ----- de 2007, presenta a declaración de causas de posible incompatibilidade e de actividades, que comprende ---- folios rubricados na marxe polo/a interesado/a e da cal se devolve copia selada e cotexada por esta Secretaría.

-----, ----- de -----de 2007
O/A concelleiro/a declarante O/A secretario

Asdo.:

Asdo.:

2.- REXISTRO DE BENS PATRIMONIAIS.

DECLARANTE:

Don/dona -----
DNI -----
Enderezo -----
Data da credencial de concelleiro -----
Partido político, federación, coalición ou agrupación pola que se obtivo o posto de concelleiro -----

DECLARACIÓN:

En cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de dous de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación cos artigos 30 a 32 do ROF, o asinante cuxos apelidos, nome e demais datos de identidade se consignan nos parágrafos precedentes, formula a declaración de bens patrimoniais correspondente ó día da data e manifesta baixo a súa persoal responsabilidade que a dita declaración é comprensiva da totalidade dos seus bens patrimoniais e que os datos que se refliten nas follas seguintes, rubricadas por el na marxe, son rigorosamente certos e coinciden coa realidade.

-----, ----- de -----de 2007

O/A concelleiro/a

Asdo.:

REXISTRO DE BENS PATRIMONIAIS

- A) Bens inmobles:
 - I. Descrición:
 - II. Emprazamento:
 - III. Inscripción no rexistro da propiedade:
 - IV. Data de adquisición:
- B) Bens mobles:
 - I. Descrición:
 - II. Valoración:
 - III. Data de adquisición:

SECRETARÍA XERAL DO CONCELLO DE MIÑO

REXISTRO DE BENS PATRIMONIAIS

DILIXENCIA DE PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN

En cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de dous de abril, reguladora das bases do réxime local, o/a concelleiro/a electo/a don/dona -----, ás ----- horas do día ----- de ----- de 2007, presenta a declaración de bens patrimoniais que comprende ---- folios rubricados na marxe polo/a interesado/a e da cal se devolve copia selada e cotexada por esta Secretaría.

-----, ----- de ----- de 2007
O/A concelleiro/a declarante O/A secretario/a

Asdo.:

Asdo.:

Os señores reunidos acordan, por unanimidade, reservarse a opinión relativa á aprobación da proposta de acordo para o Pleno.”

Sometida a proposta de Alcaldía a votación, obtense o seguinte resultado:

- 11 votos a favor do PP, CIM, e do concelleiro non adscrito.

Queda aprobada a proposta de Alcaldía relativa á aprobación dos modelos de rexistro de intereses por unanimidade dos presentes.

3.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN CONXUNTA DA ELABORACIÓN DO PROXECTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN COMPLEXO DEPORTIVO NA GALEA

De conformidade co establecido no artigo 92.1 do ROF, os concelleiros presentes acordan, por unanimidade, que o expediente relativo á contratación conxunta da elaboración do proxecto e execución das obras de construción dun complexo deportivo na Galea quede sobre a mesa, e queda aprazada a súa discusión para a seguinte sesión.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás catorce horas e trinta e cinco minutos, redactándose a presente acta de todo o cal, eu a secretaria, dou fe.

O presidente

A secretaria municipal